

Venres, 11 de outubro de 2019

Núm. 196

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

VIII CONCURSO DE TUIIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2019

BASES REGULADORAS DO PREMIO DO VIII CONCURSO DE TUIIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2019 DO CONCELLO DE LALÍN

O Concello de Lalín, con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, organiza o VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019 de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 07 de outubro de 2018.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recolle no artigo 1 do Título preliminar, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. E no artigo 4, considera a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.



Venres, 11 de outubro de 2019

Núm. 196

O Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na disposición final primeira modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e xustifica como competencia propia municipal, engadindo o parágrafo o) ao apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte redacción: «o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.»

A Concellería de Igualdade do Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuír á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes. Entre as accións tendentes á consecución do dito fin está a realización, ao longo de todo o ano, de actividades de sensibilización, información e formación sobre a violencia de xénero, cunha finalidade común, visibilizar, previr e tratar de dar resposta a este problema.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, organiza o VIII concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019, coa finalidade de incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante a gran lacra social que supón a violencia de xénero, de acordo coas seguintes:

B A S E S

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Lalín organiza o VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019.

As presentes bases teñen por obxecto a concesión do premio do VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.

Tuits contra a violencia de xénero. Son mensaxes, lemas ou expresións de repulsa contra a violencia de xénero que se realizan a través da rede social twitter e a súa extensión máxima é de 280 caracteres.

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada persoa poderá enviar un máximo de tres tuits.

2. Os tuits que participen no concurso deberán incluír o hastag #lalinsenviolencia e facer mención a @eigualdad e un duplicado a @ConcellodeLalin

A identificación persoal da autoría do tuit realizarase unha vez emitida a resolución do xurado. A persoa seleccionada deberá responder no prazo de 48 horas ao contacto da Oficina de Igualdade. Se transcorrido ese tempo non houbese resposta entenderase que renuncia aos seus dereitos.



Venres, 11 de outubro de 2019

Núm. 196

3. As persoas que presenten os seus tuits ao concurso serán responsables da orixinalidade e autoría dos mesmos.

A Oficina de Igualdade do Concello de Lalín resérvase o dereito de publicar e difundir os tuits presentados, fosen premiados, ou non.

4. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO. O prazo para a presentación dos tuits empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o xoves 7 de novembro. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal

5. Os criterios de valoración para elixir á persoa gañadora serán: o contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), a orixinalidade (ata 3 puntos) e a capacidade de impacto da mensaxe (ata 3 puntos).

6. Un xurado, composto por concelleiras e concelleiros de diferentes áreas municipais e por persoal técnico con experiencia en temas relacionados coa violencia de xénero, a promoción da igualdade e o uso das TICs, presidido pola Concelleira de Igualdade, será o encargado de avaliar os tuits presentados. Valorará entre 1 e 10 puntos cada un dos tuits, atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 5. Entre os mellor puntuados decidirá cal é o tuit gañador. O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión do premio, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal e en Twitter.

A composición do xurado será a seguinte:

Presidencia: Concelleira delegada de Igualdade.

Vogais:

- Concelleira delegada de Política Social.
- Concelleira delegada de Educación.
- Concelleiro delegado de Xuventude
- Psicóloga do Centro de Información ás Mulleres.
- Axente de Igualdade.
- Técnico de Informática.

Secretaría: Axente de Igualdade.

7. O premio outorgarase en especie e consistirá nunha Tablet Android 32GB 10,1" e un diploma acreditativo. O importe total do premio será de 152,81 € con cargo á aplicación orzamentaria 0.2312.7800.01



Venres, 11 de outubro de 2019

Núm. 196

A persoa gañadora recibirá, se é posible, o seu premio nun acto público.

O premio poderá ser declarado deserto e o fallo do xurado será inapelable.

8. A persoa premiada deberá acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Sen esa declaración non poderá ser beneficiaria do premio.

9. A presentación dun tuit á presente convocatoria supón a aceptación plena das presentes bases. Calquera circunstancia non contemplada nas mesmas, será resolta polo xurado con carácter inapelable.

Lalín, a 8 de outubro de 2019. A Concelleira Delegada, M.^a Paz Pérez Asorei.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: T6MKFCFT18SSHA09

